DENUNCIA DO EQUILIBRIO (1986)

LUZ NO DELIRIO dos sentidos!
ee te preciso cando te agardo non vés nunca
e a súplica que molla
                desfai un labio
e outro labio que espira nun silencio

compártome
sei que no lonxe das parábolas das frases
cortadas e os puntos a parte son só
medos escorrentados polo teu corpo
soberano dunha idea poderosa que
tal vez suceda e eu non saiba quen es
ti cando te agardo

unhas mimosas podres
auscultadas da xanela ó xardín
hai tantos ruídos nesta rúa...
non tinga-lo cutis
pero ven, como te agardo

NOCTURNIDADE

caen inverno as chuvias longas as melenas
a cidade revolcadas
-ascenden paxaros abertos-o fume do meu cigarro

        recóllome
        aposto gritos na noite
        se che falo non collo no cuadrilátero da habitación
        saio

pasado o solpor xunguín fios nebulosas onte
nos prostíbulos de horas que son-sen sol-as rúas
interna visión para esgazados habitantes
degrañando sentidos-un lapsus-nos interiores

        xunguín fios nebulosas foi dicir
        denuncia-lo equilibrio das estancias

as miñas estancias descubertas pasado o solpor
-cando a dhuvia nos deixou roto oeste vermello
no horizonte-
os corpos na luz morna que produce a escuridade
    (caio-suaviño chapuceo)
e hoxe despois de onte só eu - sei do segredo

AS TEAS CONFORMÁNDOSE NA PAISAXE o sol saíndo
sen saber de onde se tan difícil como ve-lo aire
subido nas gorxas fose comprende-lo xogo un
paxaro
derrotado
quedoume nas mans despois de pensar

como orballo caloume a tristura grande
o planeta dando voltas sobre si e arredor
e vinnos a todos nós e a equipaxe derrotada
tamén
a grolos de alcohol para imaxinar un cacho soltos polas esquinas

e tras de nós-nada-nin deixarémo-lo voo
da ave descrito nin pintado o sentido das follas
outono cando as piso e ó tempo nos soño xuntos
así
de ben

TIGRES COMA CABALOS (1990)

ACOMPÁÑAME

Son dun tempo
de espectáculos,lanternas e acebeches comigo-
Tamén sei dunha violencia de silencio
en serpe oculta de maligno
que maldigo.

Na raia da evidencia-tan ás claras-
eu tributo,distraída dos pans,
cada pedazo entre o noxo das brasas,
no molestar do cotián ese
odioso caníbal dos meus ollos.

Porque
Sei de sereas verdadeiras tamén cantando venenos,
e máis das inmensas prosas do descanso.
Pero é que as miñas zonas
Tamén son rostros conxestionados polo traballo.
Maldigo o precio da vida que arrastran,
e fusilo de min a disciplina da ordenanza.

I. MONÓLOGO ADICTO

Ignoro que lugar é este onde me atopo
cos meus ósos e os silencios das palabras.
Detesto esa voz que vén tan alta
coa que persegues da miña morte detalles.
Só teño para ti xestos primarios.
Despedazada,outros xa van gastados.
Un día tiven desexos e cumprínos,
na roda da fortuna xoguei con talla,
Se xa só teño necesidades, ¿ que dis ti
entre esas frases? É doutro de quen falas

II. MONÓLOGO ADICTO

Non teño desexos.
Todo para nada e pronto.
Por un paquete de cigarros e unha palabra amable
cambio.
O resto da miña vida.
Todo para nada e pronto
o que me resta.
Sei que non teño desexos.
Recréome na propia suor.
Alivia o pudor con que miráde-los
ollos perdidos nas miñas cellas caídas.
Todo
para nada.
O que me resta.
Esa teoría non te salva
da incompetencia.
Por un paquete de cigarros...
a auga do mar cando me afoga
son brazos de rúas que cruzan cidades.
Non ter un desexo.
Vou vestido e canso
de bracear
paso
e déixome baixar.

Nos baixos do mar había un mundo de area e bechos que non coñecerás.

III: MONÓLOGO ADICTO

Xa non teño fala.
Despois de recorta-los verbos quedei sen lingua
á que atender.
A nosa inmensidade remata un centímetro á redonda.
Non fales comigo,
deixei á posta o código
nas escaleiras de entrada ás casas.

Recortei,coma quen non quere, os ámbitos.
Case me perdo,meu,entre os paseantes.
Así que, recortei os ámbitos.
Agora teño un idioma inclinado nas entrañas.
E perdín para botalo fóra todo interese.
¿Que máis me ten que a min me entendas?

Marcho.
Iso pode exasperarte.
Mais non perdas coidado,
vou para voltar co cinto recollido na cintura do meu amor.

Marcho,
así como marchei a miúdo a brincos de min.
Por uli-los tempos de casas que non vin ou non están,
que abandonei ou deixei xa entregadas ó meu desprecio...

Marchemos;
énchome de estupor e sen remedio volto a min.

Se da invención amañezo atristurada
porque as caixas non coñezan o dolor,
debo marchar,

Marchemos,por marchar
ó fondo dos insultos e probar
Que perder pé aínda é a ambición preciosa.

DÍA MORTAL

Todo,todo semella familiar:
os insultos da amante,as forzadas

alegrías dos instantes
máis perversos,
todo semella familiar,os bicos
educados e chagas nas barrigas despistadas,
todo semella familiar,ti cando te achegas e lle anuncias
o imposible de ilusos apuros ás caricias,
todo,todo semella familiar
cando o desterro nos deixa como balas
a medio camiño cara ó obxectivo
Suspendidos.

Se hoxe che espetasen a navalla entre os labios e ata os brazos

tamén...;todo semella familiar.

Non é xusto que destroce estas veces a balazos
de confidencias.
Nin que espere que conprénda-la demanda
de certos inconclusos ademáns.

Querería de ti...¡un rito!
(Que incumpriría.)

¡Unha mentira!
(Que denunciaría.)

É por iso que reviso a teroría
e prefiro
as túas mans cando están quentes,
a túa lingua
cando non sabe de idiomas no arquipélago do meu corpo,
as túas palabras cando medran
como os vexetais (por auga e sol)
e non precisan abonos de razón.

Non é xusto
Amar unha parte de ti e abrilas todas.

Déixome regresar coma gata á túa boca e apouséntome nela,

non querería caer de ti.

Coma hoxe

no meu corpo xúntanse as túas mans fecendo historia,
as miñas inclinan nas túas costas os abrazos desde a infancia.

Agora nós,
corpo que añoraba cando morriamos,
de cada vez.

INTEMPÉRIOME

Hasme oír;
agora busco que conxugues
ben o verbo dos posibles,
e que ti esquezas esa radio de cousas previas
amarrada sempre aos pensamentos.

Hasme oír; déixate
que te percibas a ti,
tamén ti atropelada das palabras,
á procura de trazos que nos
describan.

Onde cantan os poetas
a nos lembra-lo que non foi
ou puido ser,
vese a dor da inmobil, invariable
medida do silencio que resta.

Silencio que resta, ou non que nos restan.

O ritmo do silencio historiou sempre
a aparencia de acougo
Estupefaciente.

VIDE.
Convídovos ó espectáculo de non ser para ser de todo.
Vide que vos convido
a vos ver.
Ven que te reto
a ter ver ti a ti desde ti en ti.

INTEMPESTIVA,
serse intempestiva.
É domea-la furia á procura
da froita
madura.

INCÉNDIATE
á calor da observación

E repaso logo a ollada
no pouso
dos afectos.

Non me conteño,
non me conteño e abato
os cormoráns contra das rochas.

Non
me
conteño
e abato
rochas e cormoráns e abatibles e contidos.

E asómbraste
logo

observando,observando
se os farrapos che corresponden.

Pois se non me conteño...
era sobredose de inferno de contidos,
e abatibles,
e rochas,
e cormoráns inmensos.

De certo, a vida ía en serio.

Por iso morrer non conta
Números.

Eras moza,
cómplice nunha derrota que non
sumabas. Feliz por terte insomne
por inmortal.

Xa temos cadáveres amigos
e coñecidos,
sabemos da morte o legado inútil.

Pero¡que ridículo!, ¿non?,
abraza-lo feito feliz de xa medrar
-camiñar ás aforas-
en tempos asepticamente tan
Alineados.

Así, aquí,
neste lenzo imaxinado e suxestivo:
non me sei se non me trato
aquí.
Non me sei se non te trato
aquí.
Non te sei
se non te trato
aquí.

A unidade componse.
Da desorde.

Desordénome, amor,
e dou co punto
único
do centro dos abrazos.

Abrazo a desorde das ideas
e sei
que a unidade se compón.

A unidade componse.

Da desorde.

UNHA copa, un fresco, o cine.
Un cigarro alabarado,
os pés na area.
Parece que perdura sabéreste así queda,
E asúme-la bendita expresión.
Mata-lo tempo.

O tempo...
¡que se perda!,
maino,diante nosa.

AMBICIONO o equilibrio dos extremos,
que tanto pesan,
a cada lado.

Pero sempre hai un gañador,anque perda.

DARÍO A DIARIO

Darío a diario.
Invasión que se me convén fantástica.
Invasión sen ocasión.
Invadíuseme a vida de cueiros e biberóns,
de roupiñas pequenas e xoguetes de colores,
de risas, choros,agarimos,agarimos.

Darío a diario.
A túa man ocupa un cuarto da miña xigante,
por iso detesto un pouco tantas palabras.
Todas para ti, ¡son a raíña parlante!,
¡emperatriz de sons guturais en diante!

Tódolos bebés son tu *e ningún coma ti.*
Tódolos nenos son tu *e ningún coma ti.*
Tódolos adolescentes son tu *e ningún coma ti.*
Tódolos mozos son tu *e ningún coma ti.*
Tódolos anciáns son tu *e ningún coma ti.*
Tódalas nais son eu e todas,coma min, saben que es único.

Non sangue do meu sangue.
Non carne da miña carne.
Son a gran teta ofrecida,
a gran boca que te agarima,
a man enorme en recollerte.
Hei ser quen che mostre e reña
por te dirixir quen sabe a onde,
anque coide procurar par ti
o máis exacto carreiro das estrelas.

E cando te despidas sabe
comparti-lo mundo cos demais.
Contigo vai

un cacho do meu traballo,tal vez algún pecado,
o meu amor todo e por riba
ti,sexas cando sexas,GRANDE.

Cando morre unha poeta
terán que calar os ventos
na condena da luz.
E debería de chorar o mar
e as gaivotas voar
por riba das estrelas.

E non é así....

María do Carme Kruckenber

O OCO DO TEU VERSO

Marta Dacosta

Pero no verso,
quero dicir
que penso no oco do teu verso,
no oco na alma,
na conversa pendente.

Búscote entre as palabras,
na selva do verso inzado
e inclínome,
inclínome ante ti,
ante o valor dos teus ollos,
ponte colgante en que o tempo se para,
para te facer presente.
Penso no verso,
quero dicir que penso
no oco do teu verso,
no oco das palabras conn que nos golpeas,
con que nos feres no estómago
nacéndonos á poesía.

Penso no verso,
no oco do teu verso,
nas palabras que iluminan a ponte
que nos une
a pesar do silencio,

RECORDATORIO E LAIO
POR XELA ARIAS

Manuel María

Teño que volver ós moi lonxanos
días da mocedade a retornar
ás terras de Barreiros e a Vilerma
e contigo, teus pais e teus irmaus,
revivir días soñando cun futuro
no que aínda nada era imposible.
Ti eras fonda claridade,
unha grande ollada sosegada
semellante cecais a unha abeleira.
Non sei qué ventos te levaron
á beira do mar das despedidas
decíndoche palabras indecisas
-¿perderías ou non o equilibrio?-
que che clarificaron ese sen sentido
de ter que vivir nun mundo cruel.
Foi entón cando o tigre máis feroz
vilmente, a traición e por sorpresa
nos destruíu inxustamente dun zarpazo
a luz do teu amor esperanzado.